

¡XOGAMOS COAS LETRAS!

Actividades para reforzar a lectoescritura na casa




1 ¡FAI UN DIARIO!

Aproveita os momentos tan estraños que estamos a vivir para facer un diario no que contes o que fas cada día ou expliques como te sentes.



2 O "TUTTI FRUTTI"

Facemos unha táboa con 6 columnas nas que escribiremos en cada unha: letra, animal, nome, lugar, obxecto e comida. Despois pensamos unha letra e a poñemos na columna correspondente. O xogo consiste en atopar palabras que comecen por esa letra en cada unha das categorías.



3 "O AFORCADO"

Debuxamos unha forca e pensamos nunha palabra, despois facemos un guión por cada letra da palabra. O outro xogador ten que dicir letras, se a palabra ten esa letra temos que colocala no lugar correspondente, máis se non ten esa letra debuxamos unha parte do aforcado. O xogo remata cando adiviñamos a palabra ou o aforcado está completo.



4 XOGAMOS AO VEO-VEO OU AS CADEAS DE PALABRAS

Xogamos ao veo-veo pero buscando palabras que comecen por unha determinada letra ou sílaba. O mesmo co xogo da cadea de palabras.



5 SOPAS DE LETRAS E CRUCIGRAMAS

Aproveitamos para facer as sopas de letras e máis os crucigramas dos periódicos, revistas, etc.

6


¡ORDEAMOS AS TARXETAS!

Primeiro facemos unhas tarxetas en branco. Despois pensamos unha palabra e a separamos en sílabas, escribimos cada sílaba nunha tarxeta. Logo desordenamos as tarxetas e xogamos a ver quen as ordena no menor tempo posible.

**7**


PALABRAS TOLAS

Escribimos palabras nun folio, nunha pizarra, no solo da casa con xiz, etc. Despois substituímos a 2º letra por outra e vemos que palabra tola quedou.

**8**

XOGAMOS COAS FRASES

Xogamos a escribir frases cun determinado número de palabras ou contamos as palabras que ten unha frase.

**9**

LIBRO DE COCIÑA

Son días de estar na casa. Podemos aproveitar para aprender a cociñar e facer o noso propio libro con receitas de cociña.

**10**

APP PARA Á TABLET

Por último, non podemos negar a gran debilidade que os nosos pequenos senten polas novas tecnoloxías. Por iso, poñemos a vosa disposición unha serie de aplicacións moi interesantes para que poidan xogar aprendendo:

- Tangram educativo.
- Duolingo.
- Elevate - Brain Training.
- Conciencia Fonológica.
- Piruletras.
- Encuentra Palabras.
- Galexia.
- Sílabas.
- Adivina palabra correcta.
- Sopa de letras.
- Palabras Dominó FREE.
- Mercado de palabras.
- Silabando.

